


A  
B  
R  
E  
N  
T  
E




O nacemento do  
teatro profesional  
galego e a figura de

**Roberto Vidal  
Bolaño**

# Que é "Abrente"?

Abrente é unha **agrupación cultural** que xogou un papel fundamental no desenvolvemento do teatro autonómico ente 1969 e 1983.



Rúa do Progreso, Ribadavia




Museo Etnolóxico de Ribadavia

Desenvolve unha inxente actividade cultural que propicia colaboracións entre **intelectuais, artistas e escritores** galegos.



## PROGRAMACIÓN DE ABRENTE RELACIONADA COA ARTE GALEGA





# **Carteis e algúns programas das Mostras de Teatro en Galego**

# I Mostra de Teatro en Galego (1973)

Portada elaborada polo **Grupo do 77**, a partir das máscaras orixinais de Castela, diseñadas para *Os vellos non deben namorarse*.



# II Mostra de Teatro en Galego (1974)

Imaxe do artista arousán Xosé Conde Corbal. É en Ourense onde realiza a súa primeira exposición artística, na que mestura vangarda e identidade. Desde entón, entrará en contacto con numerosos intelectuais galeguistas, como Vicente Risco.







## 3ª MOSTRA DE TEATRO EN GALEGO

abrente

ribadavia, maio 1975

# III Mostra de Teatro Galego (1975)

Portada de Xosé Luis de Dios, membro dos Artistiñas (tal e como os chamaba a Xeración Nós). A súa primeira exposición ten lugar en Ourense, dedicada a Celso Emilio Ferreiro.



# IV Mostra de Teatro Galego (1976)

Cataz elaborado polo polifacético pintor ourensán Xaime Quessada. A súa obra chegou ás principais cidades europeas e americanas. O seu quefacer foi decisivo para a renovación da arte galega.



IV MOSTRA D TEATRO GALEGO  
ABRENTE RIBADAVIA MAIO 1976

IV CONCURSO DE OBRAS TEATRAS "ABRENTE"

**B A S E S**

**Participantes:** Calquer persoa da nacionalidade que sexa.

**Obras:** Terán que ser inéditas i escritas no idioma galego.

**Presentación:** Os orixinás, mecanografiados e por quintuplicado, irán en compañía dun sobre pechado no que figure o Lema empregado polo autor; co seu nome; apelidos e dirección no interior. Todo dirixido a: AGRUPACION CULTURAL "ABRENTE". Rúa da Oliveira, 2 RIBADAVIA (Ourense). Abrente, salvo indicación do autor, pondrá a disposición dos grupos de teatro que o soliciten, as obras presentadas a iste concurso.

**Prazo:** A admisión dos orixinás pecharase o **30 de Marzo de 1.976.**

**Premio:** Un de 40.000 pesetas, indivisibel. Entregarase o mesmo día da clausura da CUARTA MOSTRA DE TEATRO GALEGO.

**Xurado:** Darase a conocer denantes do **29 de Febreiro de 1.976.**

**Fallo:** Farase público o 17 de Maio de 1.976. Seralle dito ó galaronado i espallado a traverso de todos os medios de información a man. Os dereitos da obra premiada quedarán en poder de Abrente polo espacio dun ano.



CUARTA MOSTRA DE TEATRO GALEGO

**B A S E S**

**Participantes:** Todos os grupos teatras sin distinción algunha.

**Idioma:** O galego.

**Esceario:** Recinto pechado, o aire libre. Si o tempo non axudase, as obras poñeranse en local cuberto.

**Obras:** Calquera, nacional ou non, mais sempre en galego.

**Prazo:** Os grupos teñen que remitir a súa solicitude de inscrición denantes do **29 de Febreiro de 1.976** a: AGRUPACION CULTURAL "ABRENTE", Rúa da Oliveira, 2, RIBADAVIA (Ourense).

**Papeleo:** A solicitude de inscrición deberá engadirse: Nome e domicilio do Grupo, nomes dos seus compoñentes, título da obra que vai poñer e nomes do autor e traductor si o houberse. Tamén se acretará por cada un dos Grupos, e denantes do **1.º de Marzo de 1.976**, que se encontran inscritos no Rexistro Nacional da Dirección Xeral de Espectáculos e autorizada a representación da obra elexida.

**Actuacios:** Denantes do **15 de Abril de 1.976**, daráselle a conocer a cada un dos Grupos participantes, o día sinalado pra a súa actuación.

**Feita:** A CUARTA MOSTRA DE TEATRO GALEGO escomenzará o **día 22 de Maio de 1.976.**

---

NOTA: A participación no Concurso e na Mostra supón a suxección a istas Bases. A Xunta Rexidora de ABRENTE terá facultades pra arranzar toda continxencia non prevista eiqui que poidese xurdir.



# V Mostra de Teatro Galego (1977)

**Enrique Conde**, artífice do cartel desta Mostra, é un pintor e escultor conceptual integrante do Grupo Deica.



# VI Mostra de Teatro Galego (1978)

Portada da man de Mercedes Ruibal, membro dunha familia de artistas e discípula de Laxeiro. A súa particular personalidade lévaa a cultivar a pintura e tamén a literatura.






# VII Mostra de Teatro Galego (1979)

Cartel de **Xoán Gómez Otero**, quen desenvolve un labor creativo dende moi novo (en *La Voz de Galicia*, para outras organizacións culturais...). É coñecido tamén polos numerosos estudos a redor do *Apalpador*.

VII MOSTRA DO  
TEATRO GALEGO



"ABRENTE" - RIBADAVIA, 9 ao 17 XUNIO 1979



# VIII Mostra de Teatro Galego (1980)

Virxilio Fernández Cañedo, autor da imaxe, é un dos autores con máis repercusión fóra de Galicia. Estuda Belas Artes en París, e expón nas cidades europeas máis importantes. O trazo grosso é característico da súa obra.



**Día 13.- Sábado**

**8 do serán.**—O FACHO da Cruña.

Obra: «O retábulo da peste» de Igmarr Bergman.

**11 noite.**—ANTROIDO de Santiago.

Obra: «Bailadela da morte ditosa» de R. Vidal B.

**Día 14.- Domingo**

**7 do serán.**—ITACA de Vilagarcía.

Obra: «As laranxas mais laranxas de todas as laranxas» de  
C. Casares.

**11 noite.**—MARI-GAILA de Santiago.

Obra: «O agnus dei dunha nai» de X. Lago e Bárcena.

**Día 15.- Lúns**

**8 do serán.**—FARANDULA de Vigo.

Obra: «A petición de man» de Antón Chejov.

**11 noite.**—ESCOLA DRAMATICA GALEGA, Talle 1, da Cruña.

Obra: «Edén» de M. Lourenzo.

**Día 16.- Martes**

**8 do serán.**—ARTELLO de Vigo.

Obra: «Tarará chis-pum», colectivo Grupo.

**11 noite.**—ARNOIA de Arnoia.

Obra: «Vida e morte do Antroido» de C. Valdeorras.



# Mostra de teatro galego Abrente

## Ribadavia 1973-1980



Manuel Lourenzo



Francisco Taxes



Rubén García foi o fundador da Mostra de Teatro Galego Abrente en 1973 xunto con outros históricos do teatro como Manuel Lourenzo. No ano 1969, nace en Ribadavia a Agrupación Cultural Abrente. A partir do ano 1973, esta agrupación cultural, dirixida por Rubén García, iniciará a organización das Mostras de Ribadavia.

Estas Mostras serán un punto de encontro estupendo para a normalización do Teatro Galego e para demostrar o compromiso da dramática con Galiza, coa súa realidade e o seu idioma. Arredor destas mostras, xurdiron os autores do grupo Abrente, o primeiro grupo xeracional de dramaturgos profesionais en lingua galega, grupo entre os que destacan os autores Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Euloxio R. Ruibal ou Francisco Taxes.

Na segunda edición das Mostras (1974), surtiu a máis que vella polémica que confrontaba a liña do teatro costumista coa dun teatro innovador e independente. Entre os primeiros, encontramos varios dos vellos autores, destacando Eduardo Blanco Amor. O grupo dos defensores dunha dramática innovadora, conformado principalmente por escritores dramáticos novos, foi que tivo mellor fortuna, posto que foi a súa postura a predominante.

Na VI Mostra (1978), por outra parte, sucedéronse unha serie de acontecementos importantes para a historia do noso teatro. 1978 é o ano no que asistimos á profesionalización do Teatro Galego, non sen conflito, pois existía un sector que se opoñía a esta. De feito, a sexta Mostra de Teatro Abrente conxugou grupos profesionais con grupos afeccionados, o cal levou a un incremento da participación.

No 1980 ten lugar a disolución das Mostras. A partir dese momento, o teatro reivindicativo perde forza, o público muda e os autores de Abrente experimentan novas formas e temáticas dramáticas.



Rubén García





As pezas premiadas das mostras de teatro en Ribadavia foron as seguintes:

**-1ª edición (1973):** Zardigot, de Euloxio R. Ruibal, A Farsa de Bululú e O meu Mundo non É deste Reino, ambas as dúas de Manuel María. Premio da Asociación de Emigrantes: Elibrief, de Xosé Luís López Cid.

**-2ª edición:** A Tola Xuiciosa, de Manuel Domínguez Quiroga, e A Volta de Edipo, de Ánxeles Pernas. Mención para a peza A Estructura, de Xoán Casal Sánchez.

**-3ª edición:** O Cabodano, de Euloxio R. Ruibal. Mención para Abril de Lume e Ferro, de Manuel María.

**-4ª edición:** Laudamuco, Señor de Ningures, de Roberto Vidal Bolaño. Mención para Os Algareiros, de Xosé Manuel Martínez Oca.


**-5ª edición:** Progreso e Andrómena do Antroido, de Camilo Valdeorras. Mencións para O Cazador de Perdices, de Xosé Manuel Martínez Oca e Informe Sobor dunha Terra, de Manuel Guede.

**-6ª edición:** Traxicomedia do Vento de Tebas Namorado dunha Forca, de Manuel Lourenzo. Mención para Memoria de Mortos e Ausentes, de Roberto Vidal Bolaño.

**-7ª edición:** Os Burros que Comen Ouro (Nunca Cabalos Serán), de Bernardino Graña.

**-8ª edición (1980):** Bailadela da Morte Ditosa, de Roberto Vidal Bolaño.

Na seguinte ligazón pódese ampliar a información sobre os autores, as súas obras, técnicas e todo o que ten a ver con Abrente na década dos 70.



A Mostra de Teatro en Galego é o precedente da...





# Do grupo xeracional Abrente, os autores de referencia son...



Euloxio Ruibal



Roberto Vidal Bolaño



Manuel Lourenzo

# Roberto Vidal Bolaño




Fundamental na **renovación teatral** e político-cultural de Galicia.

A súa compañía, **Antroido**, a primeira en profesionalizarse.

Recibe en dúas ocasións o **premio Abrente**.





Non só autor da obra, tamén actor...





# BILADELA DA MORTE DITOSA

PREMIO ABRENTE 1980

AUTOR: ROBERTO VIDAL BOLAÑO  
ACTORES: LUMA GOMEZ, BERNALDO CORRAL,  
MIGUEL INSUA, LAURA PONTE SANTASMARINAS,  
ROBERTO VIDAL BOLAÑO  
DIRECCION: EDUARDO ALONSO

## TEATRO DO ESTARIBEL

COOPERATIVA TEATRAL GALEGA

ANDROMENA - ANTROIDO



CAIXA DE  AFORROS DE GALICIA

## BILADELA DA MORTE DITOSA

TEXTO E DRAMATURXIA: Roberto Vidal Bolaño

ACTORES: Bernaldo Corral, Luma Gomez, Miguel Insua, Laura Ponte, Roberto Vidal

ESPACIO ESCENICO: Roberto Vidal

ESCENOGRAFIA: Luma Gomez e Roberto Vidal

VESTUARIO: Laura Ponte

REALIZACION DE VESTUARIO: Cloti Vaello

ILUMINACION: Eduardo Alonso

MONTAXE MUSICAL: Bernaldo Corral

~~EFECTOS ESPECIAIS: Emilio R. Parejo~~

FOTOGRAFIA E DISEÑO GRAFICO: Xurxo Fernandez

REALIZACION DE ESCENOGRAFIA, ATREZZO E CARAUTAS: Talleres de Teatro do Estaribel

DIRECCION: Eduardo Alonso

PRODUCCION: Teatro do Estaribel

O noso agradecimento a: Museo do Pobo Galego, A Nosa Terra, G. de T. Tagallo,  
Coop. Teatral Troula, Angel de la Peña, Galin, Benedicto, Alfonso Calo, Xesus Campos  
Aurelio Ponte, Marina Santasmarinas, *Emilio R. Parejo*

Posiblemente este seña o proxecto máis ambicioso afrontado ó longo da súa tra-

17 de MAIO - Martes - TERCEIRA FEIRA

## DIA DAS LETRAS GALEGAS

FALLO DO V CONCURSO DE OBRAS TEATRAIS "ABRENTE"

ás 8 do serán nos locais de Abrente

### XURADO:

Víctor F. Freixanes

Enrique Arguindey Banet

Roberto Vidal Bolaño

Charo Barrio

Xosé Agrelo Hermo

A entrega do premio do V Concurso de Obras Teatrais farase ó remate da derradeira representación da Mostra e no local de Abrente.

E mesmo como xurado...



# Outras obras de Antroido

**Día 22, Sábado**

**As oito da tade**

**Grupo:** ANTROIDO, de Santiago de Compostela

**Obra:** AS FALCATRUAS DO MARQUES PATACON  
Anónimo, adautación de Euloxio R. Ruibal

**Compoñentes do Grupo:**

Manoel Fabeiro Gómez  
Gonzalo Valcárcel Nogueira  
Marisa Soto Meijomence  
Laura Ponte Santasmarinas  
Roberto Vidal Bolaño  
Ana Quintans  
Xaquín García Marcos

**As once da noite**

**Grupo:** Teatro de Cámara DITEA de Santiago

**Obra:** O RETABULO DO FLAUTISTA  
de Jordi Teixidor

**Compoñentes do Grupo:**

Xosé Rey  
Xosé Antón González  
Xoan Lois Tarrío  
Antón Casal  
Xavier Otero  
Xurxo Fernández  
Xosé Manuel Campos  
Manuel Amenedo  
Roberto Romero  
Enrique Santamarina  
Antón Lameiro  
Manuel Casal  
Xosé Antón de la Fuente  
Xoan Manuel Alves  
Xosé Manuel Oliveira  
Lois Otero  
Alfonso Armada  
Alberto Martínez

Lucrecia Carril  
Matuxa Tarrío  
Chiruca Tarrío  
Uxía Fernández  
Encarna Domínguez  
María Xosé Lorenzo  
Pilar Lorenzo  
Pilar Pereira  
Adela Moldes  
Ricardo Outes  
Nicanor Gallego  
Antón Posse  
Ramón Fandiño  
Antón Malvido  
Xesús Blanco  
Agustín Magán  
e 6 músicos.

**DIA 23 - VERNES**

**11 NOITE**

**“TEATRO ANTROIDO“ de Santiago de Compostela**

**“AMOR E CRIMES DE XAN O PANTEIRA“**

de

**Eduardo Blanco Amor**

**COMPOÑENTES DO GRUPO:**

Xan Vieito Fuentes  
José Luis López Varela  
Milagros Matos Espiño  
Ana Rosa Sebio Peña

Ana Quintans Vázquez  
Pablo Rodríguez Crespo  
Xaquín García Marcos  
Roberto Vidal Bolaño



**Seición de teatro da Agrupación Cultural AURIENSE de Ourense**

**“O TRIANGULO ATEO“**

de

**Xenaro Mariñas del Valle**

**COMPOÑENTES DO GRUPO:**

Cándida Prieto Alonso  
Yolanda Ríos  
Manuel Guede Oliva  
Francisco Romero Casal  
José Luis Caseiro Salgado

Juan Manuel Guerra Bouzas  
Perfecto A. Estévez  
José Luis González Sánchez  
Félix Valcárcel  
Emiliano Picouto

Para saber máis sobre Roberto, visita o intersantísimo podcast de **Cultura a todas luzes**



The image is a promotional graphic for a podcast. It features a central photograph of a man dressed as a clown, wearing a black hat and a dark jacket, with a large red nose and a mustache. The background of the photo is a textured red. The entire graphic is set against a solid orange background. In the top left corner, there is a white logo for 'Cultura a todas Luzes' which includes a microphone icon and a stylized theater or arena. In the top center, the text 'ROI VIDAL PONTE E NURIA ARAÚXO' is written in white capital letters inside a white rectangular box. In the top right corner, the word 'Luzes' is written in a bold, red, serif font.

**Cultura a todas Luzes**

ROI VIDAL PONTE E NURIA ARAÚXO

**Luzes**